**Para calquera dúbida consulte co seu/súa farmacéutico/a.**

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

cofc
Colegio Oficial de Farmacéuticos de la Provincia de A Coruña

COLEXIO OFICIAL de FARMACEUTICOS DA PROVINCIA DE LUGO

COLEXIO OFICIAL DE FARMACÉUTICOS DE OURENSE

Colegio de Farmacéuticos de Pontevedra

# AXUDÁMOSCHE
## coa TÚA MEDICACIÓN



Programa de mellora
da adherencia terapéutica
a través da **preparación**
**e entrega de sistemas**
**personalizados**
**de dosificación** _SPD

XUNTA DE GALICIA

# SISTEMAS PERSONALIZADOS DE DOSIFICACIÓN
SPD

## QUÉ SON?

**Os sistemas personalizados de dosificación (SPD)** son uns dispositivos de axuda para tomar os medicamentos correctamente, cunha serie de compartimentos onde se distribúe a medicación por días e por tomas durante un tempo determinado.




# QUE DEBO FACER?



**1 ACUDIR SEMPRE Á MESMA FARMACIA**

Debe acudir á farmacia que elixiu cando foi incluído no programa e **sempre a mesma.** Os datos da farmacia están dispoñibles na etiqueta do SPD.

No caso de que decida cambiar de farmacia ou prescindir do servizo, **notifiqueo no centro de saúde e na farmacia**.



**2 RECOLLER OS SPD CADA 2 SEMANAS**

Debe levar os SPD anteriores.



**3 INFORMAR Ó/A FARMACÉUTICO/A DO SEU TRATAMENTO**



**4 PRESENTAR A FOLLA DE MEDICACIÓN ACTIVA ACTUALIZADA**

Cando o seu médico faga un cambio ou axuste de tratamento, leve sempre a nova folla de medicación activa.

# LEMBRE



5 **Póñase en contacto co seu médico** cando na farmacia lle comuniquen que necesita novas receitas.



6 **Cando o/a médico/a realice algún cambio na súa medicación** ó acudir a consulta ou ingresar nun hospital, **contacte canto antes coa farmacia** para comunicar os cambios que se introduzan no tratamento **e aportar os informes que o xustifiquen.**



7 Os medicamentos sobrantes quedan baixo a custodia do/a famacéutico/a.



8 **MANTEÑA O SPD** fóra do alcance dos nenos, nun lugar fresco, seco e afastado da luz do sol ou fonte de calor.